



DECLÁRATE EN GALEGO



Mensaxes de amor na lingua máis amorosa

Como o dous de febreiro é día da Candeloria e comezan a emparellarse os paxariños (e as paxariñas), cómpre dar saída ás ansias amatorias ceibando ao vento ou poñendo por escrito as humanas arelas de afecto universal. A tal fin:

- 1- Convócase **CONCURSO DE MENSAXES DE AMOR, AFECTO OU AGARIMO** en lingua galega, no que poderán participar todas as persoas que asisten, traballan, visitan ou adurmiñan no I.E.S. de Cotobade.
- 2- Establécense dúas categorías de participantes:
 - a. Adultos, na que poderán participar profesorado, nais e pais de alumnas e alumnos, persoal administrativo e de mantemento. E tamén o carpinteiro, o cerralleiro e a carteira. E as condutoras (e condutores) dos autobuses, o do gasóleo e os provedores de diverso material.
 - b. Alumnas e alumnos, na que poderán participar todo o alumnado matriculado neste curso no centro.
- 3- As mensaxes poderán ter calquera formato (carta, informe, aviso, poema, canción etc), pero deberán estar escritas en papel. Poderán ser extensas, curtas ou minúsculas. Aceptaranse as bonitas, fermosas, belidas, guais e carrapucheiriñas. Irán ao caldeiro do lixo as feas, brutas, con parvadas ou que conteñan palabrotas, insultos ou calumnias das persoas.
- 4- O destinatario das **mensaxes de amor, afecto ou agarimo** pode ser unha amiga ou amigo, compañeira ou compañeiro, veciña ou veciño, coñecida ou coñecido e mesmo un familiar. Tamén pode ser un animal (mascota, domesticado ou salvaxe) ou cousa material (p.e. o móbil) ou inmaterial (p.e. a liberdade), inda que nestes casos non se debe agardar resposta.
- 5- **A mensaxe de amor, afecto ou agarimo** deberá estar escrita en papel e metida dentro dun sobre. Debe ir asinada pola autora ou autor co seu nome ou cun pseudónimo. Neste último caso deberá meter no sobre outro papeliño pechado co nome da autora ou autor e o pseudónimo.
- 6- O sobre deberá meterse na caixa que hai na Conserxaría deica o vindeiro 19 de febreiro. O día 26 farase público o fallo do Xurado, que fallará todo o que poida. Haberá premios para os tres primeiros clasificados en cada categoría.
- 7- As mellores mensaxes de amor serán expostas no centro, nun mural ou panel, asinadas pola autora ou autor, ou con pseudónimo.

As situacións non contempladas nas presentes bases serán resoltas polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega despois de tomar unhas filloas con chocolate.

Aquí queda!

